



REAL FILHARMONÍA DE GALICIA
CONSORCIO DE SANTIAGO

GUÍA DIDÁCTICA

ROMEO E XULIETA

Real Filharmonía de Galicia

Maximino Zumalave, director

Compañía Per Poc

Marta Lago, narración

Adaptación dramática da obra de W. Shakespeare e música de Sergei Prokofiev.

ROMEO E XULIETA

GUÍA DIDÁCTICA

A presente guía didáctica pretende introducir ao alumnado na obra do compositor ruso Sergei Prokofiev, *Romeo e Xulieta Op. 64*. Un *ballet* baseado na célebre obra do escritor británico William Shakespeare que a compañía de monicreques Per Poc adapta para o público infantil a través dunha selección de 15 números da partitura orquestral do compositor ruso e que será interpretada pola Real Filharmonía de Galicia.

SINOPSE: A obra de William Shakesperare conta a historia de dous mozos namorados pertencentes a dúas familias rivais da cidade de Verona (Norte de Italia), os Montesco e os Capuleto. A pesar da oposición das súas familias, a parella decide casar en segredo, mais, a presión desa rivalidade e unha serie de fatalidades conducen ao suicidio dos dous amantes. A morte de ambos, con todo, supón a reconciliación das dúas familias.

A partir do argumento central, propoñemos dúas seccións ou bloques de actividades. Por unha parte, a través da sección *Viaxe ao pasado*, realizamos diversas actividades que axudan a contextualizar a obra, coñecer os protagonistas e aqueles elementos de importancia argumental. Por outro, na sección *Escoitando a Prokofiev*, propoñemos unha serie de actividades cas que, mediante audicións en clase dos números escollidos do *ballet*, poderemos facer un primeiro achegamento á música do compositor, recoñecer os instrumentos da orquestra que se usarán no concerto e fomentar unha escoita activa.


Ca finalidade de introducir ao alumnado no mundo de William Shakespeare e o teatro isabelino, así como na composición de Sergei Prokofiev e a música sinfónica, suxerimos unha presentación introdutoria ás actividades similar á que segue:

“ A vós gústavos que vos conten historias?

Hoxe en día, a través dos contos, os libros, a televisión, o cine, internet, ou os vídeos de *Youtube* podemos desfrutar de moitas historias entretidas, pero no século XVI, fai mais de 500 anos, a maneira que a xente tiña para divertirse era asistindo ao teatro. Na Inglaterra había un escritor de obras de teatro moi coñecido chamado William Shakespeare, que encantaba a todo o mundo polas historias que contaba. Unha delas fíxose tan famosa que chegou ata os noso días e poderemos vela a vindeira semana no Auditorio de Galicia. Trátase da historia de dous mozos namorados chamados Romeo e Xulieta. No pasado, outra forma de entreterse era asistindo ao *ballet*, que consiste en poñer música a unha historia e que nos chega a través do baile. Precisamente, o que veremos no Auditorio de Galicia será o

ballet Romeo e Xulieta con música do compositor Sergei Prokofiev interpretada pola orquestra Real Filharmonía de Galicia. Un *ballet* moi especial xa que os bailaríns non serán persoas se non monicreques xigantes!”

A relación de pezas que formarán o programa do concerto da Real Filharmonía de Galicia xunto ca compañía de monicreques Per Poc, é a seguinte. Recomendamos a realización de audicións na clase, previas ao concerto, para que o alumnado se familiarice ca música do compositor Sergei Prokofiev.



Romeo e Xulieta Op. 64, Sergei Prokofiev (1891- 1953).

1. nº 27. The nurse gives Romeo the note from Julieta
2. nº 33. Tybalt and Mercutio fight
3. nº 3. The street awakens
4. nº 30. The people continue to make merry
5. nº 13. Dance of the Knights
6. nº 34. Mercutio dies
7. nº 2. Romeo
8. nº 35. Romeo decides to avenge Mercutio's death
9. nº 36. Finale
10. nº 7. The Prince gives his order
11. nº 38. Romeo and Juliet (Juliet's bedroom)
12. nº 46. Juliet's bedroom
13. nº 49. Dance of the girls with lilies
14. nº 12. Masks
15. nº 52. Death of Juliet

Para máis información da Real Filharmonía de Galicia podedes consultar a páxina web: <http://www.rfgalicia.org/>

Para máis información dos concertos didácticos da RFG: <https://www.compostelacultura.gal/>

Para máis información da compañía Per Poc: <http://perpoc.com/index.php/es/>

ACTIVIDADES

VIAXE AO PASADO.

1) Responde ao seguinte cuestionario sobre as actividades que podes facer para te entreter (Marca cun X).

	<i>Unha vez ao día</i>	<i>Una vez á semana</i>	<i>Unha vez ao mes</i>	<i>Unha vez ao ano</i>	<i>Nunca</i>
<i>¿Con que frecuencia les un conto?</i>					
<i>¿Con que frecuencia vas ao teatro?</i>					
<i>¿Con que frecuencia escoitas música?</i>					
<i>¿Con que frecuencia miras a televisión?</i>					
<i>¿Con que frecuencia ves vídeos en Internet?</i>					

2) A HISTORIA DE ROMEO E XULIETA


Imos contar a historia de dous namorados: **Romeo e Xulieta**.

Trátase dunha historia moi antiga, de fai mais de 400 anos,

que transcorre en dúas cidades de Italia: Verona e Mantua.

Como naquel entón, no século XVI, non había Youtube, nin cine,

nin televisión, nin internet, unha das formas mais divertidas de pasar o tempo era no teatro.



A historia de Romeo e Xulieta foi inventada por un escritor de obras de teatro da Inglaterra chamado William Shakespeare, que se fixo moi famoso polas historias que contaba no seu teatro chamado “O Globo”.



Aínda que a historia de Romeo e Xulieta é unha historia de amor entre dous mozos, Shakespeare quixo darlle máis emoción dramática e converteuno nunha traxedia na que aparecen dagas punzantes, apócemas máxicas e velenos...

Vos como credes que remata a historia, ¿final triste ou feliz?

Para darlle mais diversión á historia, o compositor ruso Sergei Prokofiev púxolle música e converteuna nun ballet, onde os bailaríns danzaban sobre o escenario ao ritmo da música. A vindeira semana, faremos unha excursión ao Auditorio de Galicia onde poderemos ver este ballet que, ademais, estará protagonizado por monicreques da compañía Per Poc.

Personaxes que interveñen no ballet:

Na historia de Romeo e Xulieta os protagonistas pertencen a dúas familias italianas que non se levan nada ben, levan anos a pelexar, aínda que xa ninguén recorda por que. A continuación presentámosvos a cada un deles:



Frei Lorenzo

3) OS MONICREQUES

A compañía de monicreques Per Poc viste a cada boneco de diferentes cores, así é mais doado identificalos:

Familia Montesco

Romeo, cores azuis.

Pai Montesco, o pai de Romeo, verde escuro.

Mercutio, o amigo de Romeo en verde claro e dourado.

Criado da familia, tonalidades marróns.

Escalo, Príncipe de Verona, branco e negro.

Frei Lorenzo, marrón.

Familia Capuleto

Xulieta, cores rosadas.

Pai de Xulieta, granate escuro

Tibaldo, o primo de Xulieta, en laranxa.

Coidadora de Xulieta, verde caqui.



Mentres escoitas algunhas das pezas da obra de Prokofiev, colorea as cores correspondentes a cada personaxe:

XULIETA

PAI DE ROMEO

PRÍNCIPE
ESCALO

COIDADORA
DE XULIETA

CRIADO
MONTESCO

MERCUTIO

FREI LORENZO

PAI DE XULIETA

TIBALDO

ROMEO

4) SOPA DE LETRAS

Os monicreques de Per Poc son xigantes coma esta sopa de letras. Busca personaxes e lugares que interveñen no ballet.





A	I	N	O	M	R	A	H	L	I	F	L	A	E	R
X	X	O	T	N	H	I	O	V	B	A	I	Q	O	F
I	U	D	Ñ	O	D	V	I	M	U	R	G	M	X	A
P	O	L	E	A	U	I	O	A	L	T	E	P	Z	M
R	N	A	I	K	L	X	E	N	A	O	W	U	O	I
O	D	B	X	E	K	V	E	T	I	A	W	Ñ	L	L
K	C	I	N	T	T	U	E	U	X	L	O	P	U	I
O	E	T	G	I	T	A	M	A	C	A	E	R	T	A
F	W	S	H	A	K	E	S	P	E	A	R	E	J	C
I	S	V	T	M	E	R	C	U	T	I	O	V	F	A
E	J	X	V	N	I	O	O	D	A	I	R	C	O	P
V	V	I	V	E	R	O	N	A	X	F	G	I	O	U
A	E	I	O	U	I	O	P	T	R	D	M	A	E	L
I	H	O	Z	N	E	R	O	L	I	E	R	F	K	E
H	I	T	O	P	L	R	M	Ñ	B	E	Z	X	O	T
F	A	M	I	L	I	A	M	O	N	T	E	S	C	O


5) COIDADO CO MENSAXEIRO!

O ballet de Romeo e Xulieta ten un final trágico, entre outras cousas, por culpa dunha mensaxe que non chega a tempo. Daquela non había teléfonos móbiles, WhatsApp ou correo electrónico para comunicarse como temos agora e tiñan que facelo por carta a través dun mensaxeiro. Imos imaxinar que estamos dentro da historia de Romeo e Xulieta e que somos os mensaxeiros encargados de levar importantes mensaxes con nós. Escollemos a un Romeo e a unha Xulieta entre todos os alumnos e alumnas da clase e o resto colocámonos en fila no medio deles, de xeito que nun extremo queda Romeo e no outro Xulieta.


Agora entre todos temos que facer chegar as mensaxes dun extremo ao outro da fila, temos que contalos ao ouvido moi baixiño, coma un segredo! Moito silencio e prestade moita atención, imos ver se chegan correctamente ao final da fila!

Podedes escoller algunha destas mensaxes ou inventar vos outras. Xogade a dicilos usando un estilo cantareiro ou a modo de recitado coma no teatro do século XVI. Como chegarán ao destino?! Podedes usar un triángulo dos que tedes na aula para avisar cando a mensaxe chegue ao final da fila.





Non tomes o veneno, que é moi perigoso!
Xa atoparemos algo mais apetitoso!



Querida Xulieta, teu pai Capuleto
amolounos o invento.
Eu non estou nada contento.

ESCOITANDO A PROKOFIEV

1) O BAILE DE MÁSCARAS – Audición Nº 13 Dance of the Knights e Nº 12 Masks




Unha das escenas transcorre nun baile de máscaras, os disfraces era algo do que gustaban moito os italianos que vivían naquela época, e as súas máscaras eran tremendamente elaboradas para pasar desapercibidos entre o resto dos convidados ás festas.

A partir do molde que aquí vos presentamos podedes personalizar ou customizar a vosa máscara. Mentres escoitamos a música que Romeo e Xulieta escoitaron naquela festa de disfraces, vós podedes pintar as vosas máscaras cas cores que mais vos gusten, engadirlle plumas, brillantina, tiras de papel, adhesivos ou outros materiais reciclados que a poidan facer máis divertida. Se queredes, podedes levala o día do concerto! Imos ver cantas diferentes podemos atopar no auditorio!



2) OS INSTRUMENTOS DA ORQUESTRA



Imos escoitar varios fragmentos da música que Prokofiev compuxo para o ballet de Romeo e Xulieta. Rodea cun círculo  aqueles instrumentos que recoñezas na audición. Podes sinalar cun corazón  o que máis che guste.



3) SOPA DE INSTRUMENTOS.


Prokofiev usou nesta composición algúns instrumentos pouco coñecidos coma o *corno inglés*:



ou as *campás tubulares*:



Pero tamén moitos instrumentos de percusión que seguramente teredes na aula de música.
Atrévete a buscalos na sopa de letras da dereita?!



I	U	M	N	H	C	A	C	T
X	E	T	A	M	B	O	R	C
I	X	U	W	C	Q	I	O	A
L	I	A	M	Q	A	O	T	M
O	T	L	U	N	C	R	A	P
F	X	A	G	E	F	Z	L	A
O	C	U	L	R	A	N	K	I
N	L	M	V	D	O	X	S	Ñ
O	Q	U	B	C	A	I	X	A





REAL FILHARMONÍA DE GALICIA
CONSORCIO DE SANTIAGO

Guía Didáctica elaborada por María José Pámpano López
(2020)